



REGULAMENTO DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA A DEPORTISTAS DGAN.

CAPÍTULO I DA ORGANIZACIÓN DAS LISTAXES

Artigo 1. O Colexio Oficial de Psicoloaría de Galicia contará con dúas listaxes independentes, unha para o servizo de asesoramento no ámbito da Psicoloaría do Deporte e outra listaxe para o servizo de intervención no ámbito sanitario, integradas por aqueles/as psicólogos/as que, previa solicitude e cumprimento dos requisitos, sexa aprobada a súa incorporación pola Xunta de Goberno do COPG, tras o informe favorable da Comisión de Valoración.

Artigo 2. As listaxes confeccionaranse por solicitude de incorporación ás mesmas dos/as psicólogos/as que o demanden e que acrediten os requisitos que se detallan no artigo 3 deste Regulamento. As listaxes recollerán as localidades nas que pode intervir presencialmente e a posibilidade ou non de intervir telematicamente.

Artigo 3. Os psicólogos e psicólogas que desexen ser incorporados nas listaxes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de formalizar a súa solicitude:

1. Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
2. Non estar cumprindo ou ter pendente de cumprimento unha sanción da Comisión de Ética e Deontoloxía.
3. Cumprir os requisitos de competencias profesionais:
 - a. Para a prestación de servizos de asesoramento no ámbito da Psicoloaría do Deporte: Acreditación Nacional Psicólogo/a Experto/a en Psicoloaría do Deporte do Consejo General de la Psicología de España e/ou Master en Psicoloaría do Deporte máis 2 anos de experiencia profesional.
 - b. Para a prestación de servizos de intervención no ámbito sanitario: Acreditación de psicoloaría sanitaria e/ou clínica e 200 horas de formación en psicoloaría do deporte máis 3 años de experiencia profesional.
4. Estar dado/a de alta no réxime especial de traballadores autónomos.
5. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.
6. Non ter antecedentes de delitos de natureza sexual.

Artigo 4. As solicitudes presentadas só terán validez en orde á súa incorporación ás listaxes unha vez aportada a totalidade da documentación acreditativa dos requisitos e méritos requeridos. No suposto de emenda, subsanación ou mellora terase en conta o último rexistro de entrada realizado.

Páx. 1

REGULAMENTO DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA A DEPORTISTAS DGAN.

Aprobando en Xunta de Goberno do 12 de marzo de 2024

Rúa Espiñeira, 10 baixo ■ Tel.: 981 534 049 ■ Fax: 981 534 983
15706 Santiago de Compostela

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal



De cumprirse os requisitos, previa valoración favorable da Comisión de Valoración e aprobación pola Xunta de Goberno do COPG, a orde das persoas na listaxe realizarase por estrito orde de rexistro de entrada. No caso de coincidir en data e hora unha ou varias solicitudes, a incorporación á listaxe realizarase por orde alfabética.

Artigo 5. Unha vez comprobada pola Comisión de Valoración a concorrencia e cumprimento dos requisitos esixidos, esta remitirá á Xunta de Goberno os seus acordos que, unha vez estudiada toda a documentación, elaborará e aprobará as correspondentes listaxes, que serán publicadas na páxina web do COPG. Segundo a normativa de protección de datos a publicación realizarase da seguinte forma:

- Se é un DNI con formato 12345678X publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e séptima. No exemplo: ***4567**.
- Se é un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e séptima. No exemplo: ***4567*.

O acordo de incorporación ou denegación será notificado individualmente a cada unha das persoas interesadas. No caso de que a solicitude fose denegada, a persoa interesada poderá recorrer perante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte á recepción da comunicación.

Artigo 6. Os/As psicólogos/as admitidos/as deberán asinar un documento de adhesión á/s listaxe/s no que se faga constar que aceptan os seguintes compromisos:

1. Seguir as directrices aprobadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
2. Cumplir con eficacia todas as obligaciones que se deriven da aceptación del servicio.
3. Aceptar los términos establecidos en el contrato de colaboración entre la Fundación Deporte Galego y el Colegio Oficial de Psicología de Galicia para la realización del servicio.
4. Cubrir la "Ficha individual de prestación de servicio" que se recoge en el ANEXO 1 del mencionado contrato.
5. Poner en conocimiento del Colegio Oficial de Psicología de Galicia cualquier situación o circunstancia que le impida desempeñar sus funciones como terapeuta del servicio.

CAPÍTULO II DO NOMEAMENTO DOS/AS PSICÓLOGOS/AS

Artigo 7. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia proporá para a realización do servizo demandado ao/á psicólogo/a que corresponda, respectando a continuidade correlativa das listaxes.

Páx. 2

REGULAMENTO DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PSICOLOXÍA A DEPORTISTAS DGAN.

Aprobando en Xunta de Goberno do 12 de marzo de 2024

Rúa Espiñeira, 10 baixo | Tel.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983
15706 Santiago de Compostela

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Artigo 8. A persoa que solicita o servizo especificará a localidade ou localidades onde prefira ser atendida, a necesidade da intervención e a modalidade presencial ou telemática que desexa recibir. O COPG contará con unha persoa da Xunta de Goberno que realizará a correspondente análise da necesidade do/a deportista, acordando se a intervención require tratamento sanitario ou non.

Artigo 9. A designación, que se fará por listaxe, posición do/a profesional na listaxe e localidade ou proximidade elixida polo/a deportista (sexa presencial ou telemática) comunicarase ao/á psicólogo/a por Sede Electrónica do COPG, debendo este/a, á recepción da mesma, comunicar a súa aceptación ao Colexio, facilitándoselle os datos de contacto do/a deportista e un código de persoa usuaria. Deberase concretar a cita no prazo de 48 horas desde a aceptación.

Artigo 10. Os/As colexiados/as inscritos/as na/s listaxe/s deberán aceptar obrigatoriamente os nomeamentos que se lles fagan. Só poderá rexeitarse o nomeamento nos seguintes casos:

- Motivos de saúde debidamente xustificados, tanto propios como de un familiar ata segundo grado de consanguinidade.
- Calquera outro debidamente motivado (conflicto de intereses, dualidade, ...).

Artigo 11. O rexeitamento por causa xustificada deberá ser comunicado ao Colexio inmediatamente e dará lugar ao nomeamento do/a seguinte profesional da listaxe, sen que isto supoña alteración do número de orde establecido na mesma.

Artigo 12. O rexeitamento por causa non xustificada, que tamén deberá ser comunicado ao Colexio inmediatamente polos mesmos medios, dará lugar á perda da quenda pasando ao derradeiro lugar da listaxe.

CAPÍTULO III DAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN E READMISIÓN

Artigo 13. Realizada a incorporación á listaxe só se causará baixa na mesma por expresa solicitude escrita do/a interesado/a, ou por algunha das seguintes causas de exclusión:

- Incumprimento dalgún dos requisitos enumerados no artigo 3 desde o momento mesmo en que se produza.
- Incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos no contrato e na adhesión.
- Inadecuación do comportamento profesional ás normas básicas do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.
- A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidades.
- Calquera outra que, debido á súa gravidade, mala fe, instrumentalización ou fins espurios considere a Xunta de Goberno do COPG.

Páx. 3

REGULAMENTO DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA A DEPORTISTAS DGAN.

Aprobando en Xunta de Goberno do 12 de marzo de 2024

Rúa Espiñeira, 10 baixo ■ Tel.: 981 534 049 ■ Fax: 981 534 983
15706 Santiago de Compostela

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Artigo 14. Correspondrá á Xunta de Goberno do COPG a concesión de baixas e readmisións con carácter temporal ao/á profesional que o solicite. As causas que xustifiquen esta solicitude deberán estar debidamente argumentadas. Finalizado o período de baixa temporal, o/a profesional será automaticamente readmitido/a no derradeiro lugar da listaxe, sen ser necesaria unha nova avaliación por parte da Comisión de Valoración.

CAPÍTULO IV DA FACTURACIÓN

Artigo 15. O importe máximo establecido pola Fundación Deporte Galego para cada intervención son 52 euros (IVE non incluído) e cada deportista DGAN poderá facer uso dun máximo de 4 sesións gratuítas.

Artigo 16. A tesourería do COPG establecerá unhas pautas de facturación que lles serán remitidas a todos os colexiados e colexiadas que conformen a listaxe, nas que se establecerán uns requisitos mínimos que deberán cumplir as facturas.

De todas formas, as facturas deberán cumplir os requisitos formais legais esixidos en cada momento (datos do emisor e do cliente, número de factura, data de emisión, concepto, sinalización da porcentaxe de IVE e de IRPF a aplicar, etc.).

Tamén se deberá especificar na factura o número de sesións e código da persoa usuaria.

Por cada persoa usuaria deberase emitir unha factura que inclúa todas as sesións realizadas (non máis de 4). A emisión da factura deberá realizarse unha vez finalizadas todas as sesións, acompañada da copia asinada da “Ficha individual de prestación de servizo”.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Corresponde á Xunta de Goberno do COPG, en última instancia, a resolución de calquera cuestión non prevista no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no portal de transparencia do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.